

## INFORMACIÓN SOBRE A SOLICITUDE DO FONDO SOLIDARIO DE LIBROS PARA O CURSO 2021-22

### **IMPORTANTE:**

*Queremos informalos de que no noso centro está prevista a implantación de Edixgal en toda a ESO (1º, 2º, 3º e 4º) para o próximo curso 2021-22. Neste caso a través da presente solicitude, o alumnado só poderá optar ao cheque para a compra de material. Porén, para aquelas materias que non estean incluídas en Edixgal, realizaremos un préstamo interno de libros ata fin de existencias. Este reparto levarase a cabo en setembro e realizarase garantindo a equidade entre o alumnado. Desde o centro proporcionaremos a información e documentación necesaria para dito trámite ao comezo do curso.*

*Igualmente recomendamos a todo o alumnado de 1º, 2º e 3º da ESO, así como ao alumnado que cursa 6º de primaria (con praza no noso centro para o 21-22) que formalicen a solicitude e así poder optar ao cheque de axuda para material.*

### ➤ **PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

O prazo para presentar solicitudes iniciárase o día seguinte ao da publicación da orde no Diario Oficial de Galicia, é dicir, **a partir do 21 de maio, e rematará o día 22 de xuño** de 2.021 (este incluído).

### ➤ **INFORMACIÓN ACERCA DA SOLICITUDE**

- Poderán presentar solicitudes os pais, nais, titores ou representantes legais do alumnado. No caso de alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia, presentará a solicitude a persoa titular da dirección do centro de menores ou a persoa con que conviva en acollemento familiar.
- A solicitude será única para todos os fillos e, de ser o caso, tutelados, que estean admitidos no mesmo centro docente para o curso 2021/22, e nela especificarase o nivel de estudos que espera realizar cada un deles no citado curso. Se estivesen admitidos en centros docentes distintos, presentarase unha solicitude en cada un dos centros, en que se incluírán os admitidos nese centro para o curso 2021/22. No caso de que a solicitude se tramite por vía electrónica empregando a aplicación fondolibros será necesaria a presentación dunha solicitude por cada alumno.
- A solicitude deberá estar asinada polo pai, nai, titor/a ou representante legal do alumnado, e a súa presentación implicará que acepta as bases da convocatoria, cumpre os requisitos esixidos nela e que son certos os datos indicados na solicitude; así mesmo, que se compromete a conservar en bo estado e a devolver ao finalizar o curso os libros de texto e o material reutilizable recibidos do fondo solidario ou adquiridos coa axuda para libros de texto.

***Recomendacións baseadas en erros frecuentes á hora de cumprimentar a solicitude:***

- *O solicitante é o PAI/NAI/TITOR(A) LEGAL do alumno/a.*
- *Recorden firmar en todos os lugares que requiren da sinatura, incluído o apartado no que deben figurar as firmas de todos os membros da unidade familiar.*
- *Na fotocopia do libro de familia deben figurar tanto os proxenitores coma todos os fillos/as. De todos xeitos, recomendamos traer consigo o libro de familia por se houberse que facer as fotocopias no centro novamente.*

➤ **DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR**

As persoas interesadas deberán achegar coa **solicitude (anexo I)** a seguinte documentación:

- a) **Anexo II** (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar).
- b) **Copia do libro de familia onde figuren todos os membros computables da unidade familiar.**

Nos casos en que non teñan libro de familia ou este non reflecta a situación a 31 de decembro de 2019, poderán acreditar o número de membros utilizando, entre outros, algún dos seguintes medios:

1º. Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou, de ser o caso, convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.

2º. Certificado ou volante de convivencia.

3º. Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

**No caso de ser necesario tamén terían que entregar:**

- c) **Certificado do grao de discapacidade** do/a alumno/a ou calquera membro da familia recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.
- d) Documentación xustificativa da situación de **violencia de xénero** no ámbito familiar, en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- e) **Resolución xudicial de incapacitación** con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- f) **Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento** ou do certificado do centro de menores, para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.

g) **Certificado de convivencia**, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou titor ou titores carezan de DNI e NIE.

### ➤ PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

- As solicitudes presentaranse **preferiblemente por vía electrónica** nos formularios normalizados dispoñibles na aplicación informática «fondolibros» (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>) ou a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).
- Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes **presencialmente\*** nos centros docentes ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

*- Facilitarase a cada alumno/a de 1º, 2º e 3ºESO unha copia desta información, así como da solicitude correspondente (ANEXOS I e II).*

*- No caso do alumnado que está cursando 6º primaria (que se incorpora ao noso centro durante o curso 2021-22) que non teña acceso á información e aos ANEXOS de forma impresa, poderán solicitalos na secretaría do noso centro.*

#### **\*ENTREGA PRESENCIAL NO CENTRO:**

- As solicitudes cubertas xunto coa documentación correspondente poderán ser entregadas polo propio alumnado na secretaría do centro.

- **Recomendamos** encarecidamente que se realice a **entrega antes do venres día 4 de xuño**, co fin de deixar un prazo amplo para poder emendar calquera erro que puidese xurdir.

*Agradecemos por adiantado a súa colaboración.*

Para acceder á información completa da solicitude poden facelo desde o seguinte enlace:  
<http://www.edu.xunta.gal/portal/fondolibros>

Para calquera dúbida ou aclaración acerca do procedemento poden poñerse en contacto coa secretaria (Verónica) a través do correo electrónico ([ies.marco.camballon@edu.xunta.gal](mailto:ies.marco.camballon@edu.xunta.gal)) ou do teléfono do centro (886151731).